

DOMINGO XXX ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA Ex 22, 20-26

LECTURA DO LIBRO DO ÉXODO

Así fala o Señor: Non aflixirás nin asoballara-los forasteiros, pois forasteiros fostes vós en terras de Exipto. Non oprimira-las viúvas nin os orfos. Se de feito os oprimes, e eles se queixan a min, eu escoitarei certamente a súa queixa. O meu noxo acenderase e fareivos morrer a espada. As vosas mulleres quedarán viúvas e os vosos fillos orfos.

Se lle emprastas diñeiro a un do meu pobo, ó pobre que vive onda ti, non te portarás coma un usureiro, cobrándolle intereses. Se tomas en peñor o manto do teu próximo, antes de poñerse o sol devolveraslo, pois é o vestido que ten para cubri-lo seu corpo. ¿Con que, se non, se taparía ó deitarse? Se se queixa a min, escoitareino, porque eu son misericordioso.

SALMO RESPONSORIAL Sal 17, 2-3a. 3bc-4. 47 e 51ab

R/. (2): **Eu ámote, Señor. Ti e-la miña forza.**

Eu ámote, Señor, a miña forza,
Señor, a miña rocha, o meu castro, o meu refuxio.

Meu Deus, penedo onde me acollo,
o meu escudo, o meu alcázar, o meu castelo.
Eu invoco o Señor, o adorable,
e salvame dos meus inimigos.

Viva o Señor, bendita a miña rocha;
sexa exaltado Deus, o meu salvador,
o que lle dá ó rei grandes victorias
e mostra misericordia ó seu unxido.

SEGUNDA LECTURA 1 Tes 1, 5c-10

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS TESALONICENSES

Irmáns: Ben sabedes como foi a nosa actuación entre vós para o voso ben. E vós seguíste-lo noso exemplo e o do Señor e, anque houbo tantas dificultades, acolléste-la mensaxe coa alegría do Espírito Santo, ata chegardes a ser exemplo para tódolos crentes da Macedonia e da Acaia. Pois, partindo de vós, resoou a palabra do Señor non só na Macedonia e na Acaia, senón que a vosa fe en Deus resoou por tódalas partes, de xeito que non precisamos falar cousa. Eles mesmos contan cal foi a acollida que nos destes e como vos convertestes dos ídolos para servi-lo Deus vivo e verdadeiro, e para agardar desde o ceo o seu Fillo, a quen resucitou de entre os mortos, Xesús, quen nos libra da ira vindeira.

EVANXEO Mt 22, 34-40

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, ó se decataren os fariseos de que Xesús lles tapara a boca ós saduceos, reuníronse onda el, e un deles, doutor da lei, preguntoulle para poñelo a proba: Mestre, ¿cal é na Lei o gran mandamento? El respondeulle: Amara-lo Señor, teu Deus, con todo o teu corazón e con toda a túa alma e con todo o teu entendemento; este é o mandamento grande e primeiro. O segundo é semellante a el: Amara-lo teu próximo coma a ti mesmo. Destes dous mandamentos dependen a Lei enteira e mailos profetas.